



CONCELLO DE CALDAS DE REIS
Rúa Ferrería, 1
Caldas de Reis
36650-Pontevedra

Reservado selos internos

COMUNICACIÓN PREVIA

SOLICITANTE	Nome e apelidos ou razón social	DNI/CIF		
	Enderezo: Rúa / Número	Teléfono : Fijo / Móbil		
	Municipio	Provincia	Código postal	E-mail
	ACREDITA REPRESENTACIÓN: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non			

REPRESENTANTE	Nome e apelidos	DNI		
	Enderezo: Rúa / Número	Teléfono : Fijo / Móbil		
	Municipio	Provincia	Código postal	E-mail
	ACREDITA REPRESENTACIÓN: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non			

Expón:

Que de conformidade coa ordenanza municipal de actividades e o resto de normativa aplicable, veno a efectuar COMUNICACION PREVIA na que declaro que a actividade que vou levar a cabo consiste en:

sita en: _____
coa denominacion comercial de: _____
epigrafe fiscal: _____

Cumpre cos requisitos esixibles para o exercicio do dereito a desenvolver a actividade antedidita, e con toda a normativa preceptiva. Aos efectos da normativa de proteccion de datos de caracter persoal, ao Concello de Caldas de Reis a comprobacion telematica con outras administracion publicas dos datos e demais circunstancias relativas ao exercizo da actividade a desenvolver.

Comunica:

Que iniciara a actividade a partir do dia:

Documentación a achegar:

- Cando non houberse obra previa ou obras non suxeitas a licenza ou suxeita a licenza de obra menor, debera vir acompañada da seguinte documentacion:
 - Memoria urbanistica xustificativa do cumprimento da normativa urbanistica e do uso.
 - Plano de situacion en cartografia municipal do local onde se desenvolvera a actividade.
 - Plano do local coas suas instalacions.
 - Certificacion subscriita por tecnico competente que acredite que a actividade cumpre a normativa aplicable (Referente a ruído, incendios, accesibilidade e seguridade de uso, solidez e seguridade estrutural, etc).
 - Escritura de propiedade ou de arrendamento do local.
 - Xustificante do pago do importe das taxas.
 - Fotos.
- Cando houberse obras suxeitas a licenza ao requirir de proxecto, debera vir acompañada da seguinte documentacion:
 - Copia da licenza de obras.
 - Certificado de fin de obra subscriita pola Direccion facultativa das mesmas e visado polo colexio profesional correspondente, onde se xustifique o axuste do construído a licenza de obra outorgada, e o establecemento das medidas que sexan esixibles.
 - En caso de sufrir algunha alteracion debera achegar o estado final de obras, excepto nos supostos que precisen de nova licenza con proxecto modificado.
 - Certificado acustico por empresa homologada, se procede.
 - Escritura de propiedade ou de arrendamento do local.
 - Xustificante do pago do importe das taxas.
 - Fotos.

Autoriza:

Aos efectos da normativa de proteccion de datos de caracter persoal, ao Concello de Caldas de Reis a comprobacion telematica con outras administracion publicas dos datos e demais circunstancias relativas ao exercizo da actividade a desenvolver.

Caldas de Reis, a

(Sinatura)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Caldas de Reis



CONCELLO DE CALDAS DE REIS

Rúa Ferrería, 1
Caldas de Reis
36650-Pontevedra

Adverteselle que consonte o disposto no apartado 4 do art. 71 bis da lei 30/1992 de 26 de novembro de rexime xuridico das administracións publicas e do procedemento administrativo comun "a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa determinara a imposibilidade de continuar co exercizo do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se tena constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar"

Así mesmo a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias podera determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao reconecemento ao exercizo do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte o disposto na lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Caldas de Reis.

En calquera momento podera exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicandoo por escrito presentado no rexistro do Concello.

ACTIVIDADES SOMETIDAS A COMUNICACION PREVIA

Estarán sometidas ao trámite de comunicación previa as seguintes actividades:

1- Comerciais, que contén cunha superficie útil menor a 100 m²:

a) Comercio polo miúdo de alimentos (excepto elaboración, envasado, almacenaxe e venda de comidas preparadas directamente ao consumidor final), bebidas e tabaco en establecementos especializados.

b) Comercio polo miúdo de artigos de beleza e hixiene.

c) Comercio polo miúdo de textiles, pezas de vestir, calzado e artigos de coiro.

d) Comercio polo miúdo de mobles, aparellos de iluminación e outros artigos para o fogar.

e) Comercio polo miúdo de electrodomesticos, aparellos de radio, televisión e son.

f) Comercio polo miúdo de ferraxaría, vidro, pinturas e materiais de bricolaxe.

g) Comercio polo miúdo de materiais de construción, e material de saneamento.

h) Comercio polo miúdo de libros, xornais e papelería.

i) Comercio polo miúdo de óptica, fotografía e precisión.

j) Comercio polo miúdo de artigos de reloxaría, xoiaría e prataría.

k) Comercio polo miúdo de xoguetes e artigos de deporte.

l) Comercio polo miúdo de artigos de droguería, papeis pintados e revestimentos de chans.

ll) Comercio polo miúdo de sementes, flores, plantas e animais de compañía.

m) Galerías de arte comerciais.

n) Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados ou non especializados.

n) Comercio polo miúdo de bens de segunda man e anticuarios.

o) Reparación de efectos persoais e avencos domésticos.

p) Outro comercio polo miúdo non comprendido nas letras anteriores e as actividades comerciais previstas no Anexo do Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

2) Outras actividades:

a) Academias de ensino ata 150 m² de superficie útil, agas as academias de baile, música ou canto.

b) Centros destinados ao culto relixioso.

c) Depachos profesionais (avogados, arquitectos, médicos, etc.) xestorías, oficinas (bancarias, axencias de viaxe, aseguradoras) e similares, salvo que dispoñan de aparellos ou instalacións de raios X ou similares, que se desenvolvan en locais ou establecementos que non excedan de 150 m² de superficie útil.

d) Oficinas ou locais pertencentes a entidades sen ánimo de lucro, sempre que non desenvolvan neles actividades mercantis ou industriais e en locais ou establecementos que non excedan de 150 m² de superficie construída.

e) Garaxes de uso privado non autorizadas coa licenza de edificación con capacidade inferior a cinco prazas e cunha superficie útil que non supere os 100 m² de superficie útil.

f) Aparcadoiros e exposición de vehículos ao aire libre sen límite de prazas en superficie.

g) Actividades de carácter non mercantil ou industrial das que sexan titulares os órganos de calquera Administración pública.

h) Cambios de titularidade de calquera clase de actividade sen prexuízo da obtención, no seu caso, dunha autorización expresa doutra Administración pública competente.

i) Máquinas expendedoras.

j) Locutorios telefónicos que non excedan de 150 m² de superficie útil.

k) Copisterías que non excedan de 150 m² de superficie construída.

l) Servizos informáticos e centros de internet que non excedan de 150 m² de superficie útil.

ll) Lavanderías e instalacións de limpeza en seco que non excedan de 150 m² de superficie útil.

m) Outras actividades similares e non comprendidas nas letras anteriores, e as actividades previstas no Anexo do Real Decreto Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que non excedan de 150 m² de superficie útil.

AVISO LEGAL

Os datos persoais contidos na presente instancia son recollidos baixo o consentimento do interesado e serán obxecto de tratamento automatizado e incorporados aos ficheiros de información do Concello de Caldas de Reis que se encontran inscritos no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos. O seu uso restrinxirase exclusivamente á xestión municipal, podendo cederse ou comunicarse a outras administracións públicas ou terceiros nos supostos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal. Os interesados poderán exercitar ante o Rexistro Xeral do Concello de Caldas de Reis, os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, nos termos establecidos pola lei indicada, acreditando a súa identidade no Concello de Caldas de Reis, r/Ferrería, nº 1, Caldas de Reis.